



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA QUINCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (38/2024)**

Na Casa do Concello de Monfero, ás dezoito horas e trinta minutos do día quince de novembro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada.

Actúa como Secretaria, D.<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Ratificación do cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do mes de novembro de 2024
2. Aprobación da acta da sesión do día 24 de outubro de 2024
3. Aprobación da acta da sesión do día 8 de novembro de 2024
4. Adxudicación de contratos menores
5. Modificación contrato servizo complementario de axuda no fogar
6. Dar conta da resolución da Alcaldía en funcións núm. 317/2024 de aprobación de bases para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Conductor/a
7. Dar conta da resolución da Alcaldía en funcións núm. 323/2024 de aprobación de bases para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar
8. Xustificación de subvencións nominativas
9. Concesión de axuda de emerxencia social
10. Denegación concesión tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
11. Recoñecemento de trienio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## 1. RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO MES DE NOVEMBRO DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións indica que se determinou convocar a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria na data indicada, debido a cuestións de axenda que facilitan agrupar sesións de órganos colexiados para unha mellor xestión do tempo e da organización do traballo.

## 2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2024

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 24 de outubro de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

## 3. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2024

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 8 de novembro de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección, por **UNANIMIDADE** dos presentes.

## 4. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Nº. Expediente:	2024/C002/000026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Órgano de contratación:	XGL
Tipo:	subministracións
Obxecto:	SOFTWARE PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (segundo informe de necesidade que consta no expediente)
Código CPV:	48900000 - Paquetes de software e sistemas informáticos diversos.
Orzamento base licitación:	4.132,23€
Aplicación orzamentaria:	2024.231.2415.20900
Prazo de entrega:	30 días
Necesidade a satisfacer: (art. 18.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Funcionamento servizos municipais art. 25 m) da Lei 7/1985
Financiamento:	Deputación Provincial -Plan POS+ Adicional 1/2024
<b>OFERTA</b>	<b>IMPORTE</b>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CONSULTORÍA E INFORMÁTICA PARA LA GESTIÓN SOCIAL, S.L.	3770,00€	TOTAL: 4,561,70€
---	----------	------------------

Logo de ver a oferta recibida, o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e o resto da documentación do expediente, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumento que constan no acordo da Xunta de goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no mencionado acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de atender o asunto de forma inmediata, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao contratista, *Consultoría informática para la Gestión Social, S.L.*, no prezo de indicado, a subministración que se especifica no informe de necesidade, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda aprobar a proposta.

### **5. MODIFICACIÓN CONTRATO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE AXUDA NO FOGAR**

A Sra. Secretaria-interventora dá conta do expediente de modificación do contrato do servizo complementario de axuda no fogar que se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA ALCADÍA

Exp.2024/C004/000003

## MODIFICACIÓN CONTRATO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE AXUDA NO FOGAR

Logo de ver a documentación do expediente e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e á vista dos seguintes antecedentes:

- Informe do Responsable do Contrato
- Informe de Secretaría
- Escrito de Emprazamento para dar Audiencia ao Contratista
- Conformidade do adxudicatario
- Informe de Fiscalización

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. **Aprobar o expediente de modificación do contrato** de SERVIZO COMPLEMENTARIO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, Prevista no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, debido á modificación da normativa que regulaba as horas de atención a persoas recoñecidas en situación de Dependencia, na cal hai un incremento de horas de atención, ademais da alta demanda do SAF, é necesaria a modificación, segundo o informe emitido pola Traballadora Social, para atender as listas de agarda que hai no servizo, co obxectivo de ofrecer un servizo integral e adecuado as necesidades das persoas usuarias do citado servizo.
2. **Aprobar e dispor o gasto** correspondente por importe de 120.049,40€, dispoñendo con cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 a anualidade correspondente a 2024 e sometendo á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no 2025.
3. **Dar conta da presente Resolución** a Intervención e a Tesouraría para os efectos de practicar as anotacións contables que procedan.
4. **Notificar á empresa adxudicataria** do contrato o presente acordo, citarlle para a formalización da modificación do contrato e requirirlle, para que proceda á ampliación da garantía definitiva por un importe de 6.002,47€.
5. **Publicar a formalización da modificación do contrato** na Plataforma de contratos do Estado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE dos presentes**, acorda aprobar a proposta.

### **6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN FUNCIÓNS NÚM. 317/2024 DE APROBACIÓN DE BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE CONDUTOR/A**

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, ante a situación de baixa médica do condutor do camión de Servizo de RSU e ante a caducidade bolsa de emprego que estaba vixente para provisións temporais de persoal na categoría de Condutor, que foi aprobada na XGL de data 08/11/2017, este Concello tiña a necesidade urxente de renovala e convocar un novo proceso de selección, no menor prazo legal posible, para atender as necesidades do Concello desta clase de persoal, polo que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución da alcaldía 265/2023, en materia de aprobación da convocatoria e bases para a selección de persoal, para o expediente de convocatoria de selección de persoal Tedec 2024/E001/000005, e se resolveu, mediante Resolución da Alcaldía 317/2024, do 31/10/2024, prestar aprobación ao proxecto de bases para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Condutor/a, que se trata de ratificar.

A resolución da Alcaldía núm. 317/2024, de 31 de outubro de 2024, que se somete á ratificación da Xunta de Goberno Local, transcríbese textualmente a continuación:

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA BOLSA DE EMPREGO CONDUTOR/A  
EXPEDIENTE: 2024/G003/000325**

#### **ANTECEDENTES:**

Ante a caducidade da actual bolsa de emprego para provisións temporais de persoal na categoría de Condutor, que foi aprobada na XGL de data 08/11/2017 e publicada no BOP nº 220 do 20/11/2017, este Concello ten a necesidade urxente de renovala e convocar un novo proceso de selección para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Condutor/a para atender as necesidades do Concello desta clase de persoal, para a prestación do servizo municipal de Limpeza e Recollida de RSU así como Plásticos e Voluminosos,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

tanto para a execución de programas temporais como para a realización de substitucións ou por circunstancias da produción (cobertura de vacantes, vacacións, acumulación de tarefas...) durante o período da súa vixencia.

Logo de ver o PROXECTO DE BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE CONDUTOR/A, elaborado polo Departamento de Persoal, que ten por obxecto regular o sistema de selección e o funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal laboral nesa categoría profesional.

Visto o documento contable RC que acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para unha contratación, de ser o caso, ata o 31/12/2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en materia de aprobación da convocatoria e bases para a selección de persoal, por Resolución da alcaldía 265/2023, para o expediente de convocatoria de selección de persoal Tedec 2024/E001/000002

2.- Prestar aprobación ao citado proxecto de bases para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Condutor/a e o seu Anexo, que se reproducen integramente deseguido:

**“BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE CONDUTOR/A.**

## **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

Estas bases teñen por obxecto regular o sistema de selección e o funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal (modalidade laboral), mediante un procedemento áxil que respecte os principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade, celeridade e publicidade, na categoría profesional de CONDUTOR/A, para atender as necesidades que teña o Concello desta clase de persoal para a prestación do servizo municipal de Limpeza e Recollida de RSU así como Plásticos e Voluminosos, tanto para a execución de programas temporais como para a realización de substitucións ou por circunstancias da produción (cobertura de vacantes, vacacións, acumulación de tarefas...) durante o período da súa vixencia.

No caso de programas financiados por outras administracións, para realizar a contratación, teranse previamente en conta as características e esixencias de selección específicas esixidas nas correspondentes convocatorias, procedendo a aplicación desta bolsa só no caso de que as respecte e tendo en conta que as funcións a realizar polo persoal a contratar sexan as propias do servizo de Limpeza e Recollida de RSU, plásticos agrícolas e voluminosos.

No caso de contratacións de persoal laboral, o tipo de contrato virá determinado polo indicado na lexislación laboral vixente, Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e normativa de desenvolvemento.

Con respecto á duración dos contratos, respectarase, respectivamente, o indicado no art. Primeiro.Tres.5. do Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral e o indicado no artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (na súa nova redacción dada no artigo 1 apartado Un, da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público).

## **Segunda.- Publicidade da convocatoria**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A Convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio extractado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e un anuncio das bases integras no taboleiro de anuncios electrónico municipal, situado na páxina web do concello: [www.concellodemonfero.com](http://www.concellodemonfero.com) e na sede electrónica municipal: [sede.monfero.es](http://sede.monfero.es)

## Terceira.- Características da “bolsa de emprego”

Co resultado do proceso selectivo confeccionarase unha bolsa de emprego cos aspirantes que o superaron, por orde de puntuación, procedéndose, no seu momento, á súa contratación ou nomeamento de forma correlativa e decrecente, en función das necesidades que xurdan.

En todo caso, o Concello poderá establecer un procedemento de selección diferente e específico cando se requira un perfil profesional concreto.

A bolsa permanecerá en vigor durante un período mínimo de cinco anos desde que sexa aprobada, procedendo a súa renovación cando transcorra este período ou, non queden candidatos na mesma que poidan ser contratados. Unha vez renovada, perderá validez a que até ese momento estivese vixente, pero sen que iso afecte ao persoal contratado en virtude dela e durante a súa vixencia

## Cuarta.- Funcións do posto.

O cometido funcional do posto versará sobre a realización das funcións e tarefas que se indican no anexo de Persoal do vixente Orzamento do Concello, propias do servizo, ou nos programas que, no seu caso, rexan estas contratacións.

## Quinta.- Requisitos dos/as aspirantes

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- Teren nacionalidade española ou seren nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- Teren cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación mínima esixida: de Certificado de escolaridade, Certificado de Estudos Primarios ou equivalente (O Certificado de Estudos Primarios derivado da Lei 17/7/1945 de Educación Primaria e da Lei 21/12/1965 de Reforma da Educación Primaria, expedido con anterioridade á finalización do curso 1975/76) ou Título de Graduado Escolar a partir do curso 75/76)
- Estar en posesión do permiso de conducir clase C.
- Ter realizado e en vigor o Curso de Aptitude Profesional (CAP)
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións que correspondan ao posto a ocupar.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.  
No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade

## Sexta.- Retribucións

As retribucións a percibir serán as establecidas para ese posto no Anexo de Persoal do Orzamento en vigor do Concello de Monfero

## Sétima.- Dereitos de exame.

De acordo coa vixente ordenanza fiscal municipal da taxa por dereitos de exame, publicada no BOP Nº 34 do 18-02-2022 (poderá consultarse tamén no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero, [sede.monfero.es](http://sede.monfero.es)), e sen prexuízo dos beneficios que se establecen nela, os dereitos de exame fíxanse en 12,50 euros, que poderán satisfacerse mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida ao Concello de Monfero (Núm.de conta: Abanca CCC ES27 2080 3112 2931 1000 0027), debendo indicarse o Nome, Apelidos e Praza á que se opta) Nestes últimos supostos, os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria ou os servizos postais correrán por conta do solicitante.

## Oitava.- Presentación de solicitudes e admisión de candidatos

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, co modelo oficial ou normalizado que figura como anexo I destas bases, dirixiranse á Alcaldía da Corporación e presentaranse durante o prazo de 5 días naturais, contados dende o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

seguinte hábil ao da publicación do anuncio extractado da convocatoria no BOP.

Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica (<https://sede.monfero.es> ou [www.concellodemonfero.com](http://www.concellodemonfero.com)) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude e comunicarse simultaneamente ao Concello: por fax ao número 981 793804 ou por correo electrónico á dirección [correo@monfero.es](mailto:correo@monfero.es). Esta comunicación simultánea será igualmente obrigatoria se se presentara nas oficinas doutras Administracións Públicas. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Non se admitirán as solicitudes que non se formulen no modelo oficial que figura como anexo I nin as que se reciban no Concello unha vez aprobada pola Alcaldía a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as definitiva, se for o caso, con independencia do procedemento utilizado para envialas.

Para ser admitido para tomar parte no proceso de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias, debidamente asinadas, que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base Quinta desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

a- Fotocopia do DNI ou Tarxeta de Residente.

b- Xustificante da titulación esixida.

c- Xustificante de abono da taxa de dereitos de exame. Terán que estar aboados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

d- No seu caso, fotocopia do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega **CELGA 1** (de acordo co indicado no artigo 6 do DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima de los socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo DECRETO 35/2017, de 30 de marzo) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido (Celga 1, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base 11 da presente convocatoria.

Presumirase que a documentación achegada polos solicitantes é auténtica, agás nos casos que constan nestas bases, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, acordarase por Resolución da Alcaldía a aprobación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, se for o caso, e publicarase coa maior brevidade no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

Durante os dous días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros. As reclamacións ou alegacións presentadas serán resoltas pola Alcaldía, que aprobará no mesmo acto, de ser posible, a composición do órgano de selección e determinará o lugar, data e hora estimada para o inicio das probas de selección (en función do número de aspirantes), que será publicada coa maior brevidade no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero.

## **Novena.- Órgano de selección**

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres Vogais e un Secretario, con voz e sen voto, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto polo art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que será esixible a todos e cada un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. O

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Presidente do tribunal e os vogais deberán posuír titulación igual ou superior aos postos de traballo obxecto da convocatoria, cumprindo o disposto no artigo 60 do TREBEP. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o resto do persoal eventual non poderán formar parte deles. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación de ninguén.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte destes e de intervir cando concorran algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Tampouco poderán formar parte do tribunal os funcionarios que realicen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Os membros do tribunal que estean incurso en algunha desas causas deberán comunicalo inmediatamente á autoridade convocante, quen resolverá o procedente.

Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases.

No que respecta á súa constitución e formación de vontade, rexerá pola Lei de procedemento administrativo, estando facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que puideran xurdir.

## **Décima.- Procedemento de selección**

O proceso selectivo para a constitución da Bolsa de Traballo desenvolverase mediante o procedemento de oposición libre. As persoas aspirantes acudirán ás probas previstas do DNI e serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento

### **Décimo primeira.- Oposición**

A oposición constará nos seguintes exercicios:

#### 1.1.- Exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito 10 preguntas tipo test, con 3 respostas alternativas, propostas polo órgano de selección. O exercicio desenvolverase durante un tempo máximo de 30 minutos e valorarase cun máximo de 10 puntos, a razón de 1 punto por cada resposta acertada. As respostas en branco non penalizarán, e cada resposta fallada descontará 0,25 puntos.

Consistirá en contestar por escrito ás preguntas propostas polo órgano de selección referentes ao coñecemento do Concello de Monfero:

- O seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...),
- Os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, maquinaria, vehículos, e demais medios dos que dispón,
- Clasificacións e tipoloxía de residuos.
- Recollida e transporte de R.S.U.
- Tipos de Colectores.
- Tipos de recollida. Modelos de recollida selectiva
- Tipos de vehículos de recollida
- Medidas de seguridade e hixiene para a protección da traballador
- Prevención de riscos no posto de traballo.
- Mecánica e avarías básicas nos vehículos do servizo de RSU

#### 1.2.- Proba de coñecemento da lingua galega

Consistirá na tradución oral directa e/ou inversa dun texto, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

O presente exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, como mínimo, o título CELGA 1 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas das que se trate, segundo a orde do 10 de febreiro pola que se modifica a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán a cualificación de apto.

## **Décimo segunda.- Selección**

O órgano de selección reunirse á hora determinada polo Sr. Alcalde de acordo co indicado na base oitava e despois de ser anunciado no taboleiro de anuncios do Concello, para o efecto de iniciar as probas de selección, procurando que dean comezo á hora anunciada pola Alcaldía de acordo co establecido na base oitava desta convocatoria e que se cualifiquen no mesmo día. Concederanse dous días hábiles para a presentación de reclamacións contra as preguntas ou contra as cualificacións. Transcorrido este prazo, o órgano de selección volverá a reunirse para a resolución das reclamacións, se as houbera, e publicará as cualificacións obtidas polos candidatos considerados aptos no Taboleiro de Anuncios Electrónico Municipal.

Posteriormente, de ser necesario, realizarase a segunda proba, de coñecemento da lingua galega, e cualificarase, de ser posible, no mesmo día.

Unha vez realizada a selección proporase á Alcaldía a elaboración das listaxes dos candidatos que maior puntuación obtivesen. Poderase deixar deserta a convocatoria se se considera procedente. No caso de empate, o órgano de selección efectuará un sorteo público inmediatamente despois da cualificación da última proba que sexa necesario realizar, no mostrador das oficinas municipais. A orde definitiva dos aspirantes seleccionados virá determinada pola puntuación obtida ao final do proceso e resultado do sorteo, se fora o caso.

A continuación, o órgano de selección propondrá á Alcaldía a aprobación da listaxe dos candidatos seguindo a orde de puntuación obtida.

A Bolsa de emprego será aprobada por resolución da Alcaldía e publicarse no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal do Concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados. Contra a resolución aprobatoria, que agotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición ou recurso contencioso-administrativo segundo o que dispón a normativa vixente ou calquera outro que os interesados consideren oportuno. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía

## **Décimo terceira.- Chamamentos**

As incorporacións desde a Bolsa de emprego para prestar servizos realizaranse por orde decrecente, segundo puntuación alcanzada no proceso selectivo polos aspirantes, agás no suposto de que, o aspirante ao que lle corresponda, resultase afectado polas limitacións que se establecen na base 1ª, o que dará lugar á incorporación do seguinte, mentres permanezan ditas limitacións.

Os chamamentos realizaranse, preferentemente, pola AEDL do Concello de Monfero, a través do teléfono, fax ou correo electrónico declarados polos integrantes, preferentemente este último. Terá que constar no expediente, mediante dilixencia ou, no seu caso, coa confirmación do fax remitido ou correo electrónico.

Ditos chamamentos realizaranse segundo a orde sinalada no punto anterior, debendo o candidato presentar no Concello, no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao do chamamento, salvo que este estableza outro diferente, a documentación que se indica na base 14.

No suposto de rexeitar a proposta telefonicamente ou de non presentar a documentación no prazo sinalado, farase constar no expediente mediante dilixencia para o efecto, e chamarase ao seguinte candidato/a.

No caso de que os integrantes que foran obxecto de chamamento estivesen prestando servizos para a Corporación, poderán rexeitar oferta e se lle respectará a orde que tivesen na Bolsa.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar ao Concello calquera variación destes.

A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos seguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación, renunciaren ao posto ou non presentasen a documentación en prazo, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán o seu lugar na Bolsa, pasando a ocupar o último posto da Bolsa por un período dun ano. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados motivadamente pola Alcaldía, entre os que non se incluírá o de estar traballando no momento do chamamento, agás que sexa para o Concello.

- Se o aspirante ao que corresponda non puidera ser designado por algunha causa xustificada, motivadamente apreciada pola Alcaldía, conservará a súa orde na Bolsa. No caso contrario, será excluído dela.

- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

- Os aspirantes contratados, logo de finalizar o período de servizos, volverán ao posto que ocupaban na Bolsa no momento de seren chamados.

### **Décimo cuarta.- Incorporación**

O aspirante chamado segundo a base anterior, presentará os documentos que se especifican seguidamente, acreditativos de que posúe as condicións e reúne, ou continúa a reunir, os requisitos esixidos na Convocatoria, salvo aqueles que presentara xunto coa solicitude en orixinal ou compulsados, no prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao do chamamento:

- Orixinal ou fotocopia compulsada do D.N.I.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da titulación esixida
- No seu caso, orixinal ou fotocopia compulsada do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 1, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social, se for o caso.
- Domiciliación de Nómina

O aspirante que, dentro do prazo indicado de 3 días hábiles, achegase a documentación esixida, será designado, por resolución da Alcaldía, para o cargo para o que foi seleccionado. No prazo dos 3 días hábiles, seguintes á súa designación pola Alcaldía, deberá asinar o correspondente contrato laboral (baixo a modalidade que se requira ao efecto, tendo en conta a causa e os prazos previstos na lexislación laboral) e alta na Seguridade Social, e haberá de incorporarse ao seu posto na data indicada no contrato.

Quen dentro dos respectivos prazos indicados, salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, ou non comparecera para a sinatura ou non se incorporase, non poderá prestar os seus servizos, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incurrir por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

### **Décimo quinta.- Réxime xurídico**

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

## Décimo sexta.- Impugnación

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

## Décimo sétima.- Cláusula de protección de datos

Estas bases, así como cantos actos administrativos deriven da súa execución, están suxeitas ao protocolo municipal de protección de datos de carácter persoal nos procesos de selección de persoal e xestión de listas de contratación.

Esta convocatoria é un proceso voluntario e competitivo que esixe transparencia. Por iso é necesaria a publicación das identidades das persoas que participan, así como dos resultados obtidos. O Concello procurará que a exposición dos datos de identificación de persoas e os seus resultados no proceso selectivo cumpra co establecido pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e ao Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais .

De igual maneira, é un proceso administrativo ao que teñen dereito de acceso as persoas que nel toman parte. Do desenvolvemento deste dereito entenderase que a documentación persoal nel achegada (exames, certificacións, méritos...) pode ser accesible para outras persoas aspirantes conforme indiquen os procedementos municipais establecidos para o efecto.

Coa presentación da solicitude, o Concello de Monfero poderá realizar as consultas e comprobacións necesarias para a xestión do proceso nos rexistros oficiais de titulacións universitarias, titulacións non universitarias, servizos prestados no Concello de Monfero e cantas fagan referencia a requisitos e méritos. Tamén poderá realizar as comprobacións necesarias coas entidades que corresponda en relación coa experiencia profesional acreditada.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Monfero, cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os datos persoais recollidos serán tratados para poder tramitar as solicitudes e resolver as convocatorias. Finalidade baseada no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Monfero, os datos de carácter persoal poderán ser comunicados, de ser o caso, ao Rexistro Central de Persoal, Dirección Xeral da Función Pública, e publicados nos Boletíns Oficiais e na páxina web do Concello de Monfero. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñerse ao tratamento, no caso de que se dean os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, o Concello de Monfero, no enderezo : Rebordelo 1, San Fiz - MONFERO ( A CORUÑA) ou a través do rexistro electrónico do Concello de Monfero.

Datos de contacto del DPD: dpd@monfero.es

## ANEXO I

### SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIONS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE CONDUTOR/A.

D./D.<sup>a</sup>

\_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en

\_\_\_\_\_

teléfono/fax \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a formación dunha Bolsa de emprego para a provisión do posto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

de traballo de CONDUTOR/A, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas.

A tal efecto declara responsablemente e fai constar:

1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos para participar esixidos na convocatoria.

2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.

3º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.

4º.- Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.

5º.- Que non está incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

6º.- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin está inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

7º.- Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación:

- Fotocopia do D.N.I.

- Xustificante da titulación esixida.

- Fotocopia do título acreditativo de estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 1 ou equivalente.

- Xustificante documental de ter aboado os dereitos de exame.

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Monfero, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO"

Informámoslle que os datos de carácter persoal que lle solicitamos na presente instancia serán tratados polo CONCELLO de MONFERO en calidade de Responsable do Tratamento cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas, por tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. O tratamento está baseado no art.6.1c) do RXPd: O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados ao Rexistro de Persoal, Dirección Xeral da Función Pública, e publicados nos Boletíns Oficiais, de ser o caso, e a páxina web do Concello de Monfero. Sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos pola normativa aplicable en materia de protección de datos, vostede poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, oposición, limitación de tratamento, así como non ser obxecto de decisións automatizadas, dirixindo a súa petición á dirección postal: Calle REBORDELO,1- 15619 Monfero (Coruña, A) ou ben a través do correo electrónico [dpd@monfero.es](mailto:dpd@monfero.es)

3.- Efectuar a convocatoria mediante a publicación dun anuncio extractado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e un anuncio das bases íntegras no taboleiro de anuncios electrónico municipal, de conformidade co que nelas se establece.

4.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebre.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións

A Secretaria acumulada

Alberto Cortizas Rejo

Ana Ramos Ramos"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN E RATIFICAN** o seu contido.

## **7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN FUNCIÓNS NÚM. 323/2024 DE APROBACIÓN DE BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, as necesidades xurdidas no Servizo de Axuda no Fogar Municipal, no que parte do persoal laboral fixo que ocupa o posto de Auxiliar do SAF e que presta o servizo, se atopa en situación de IT e ante a imposibilidade de cubrir as citadas baixas co contrato de servizos vixente e, tendo en conta, que non existe unha Bolsa de emprego para este tipo de posto e que é urxente continuar coa prestación do servizo, este tiña a necesidade urxente de convocar un novo proceso de selección, no menor prazo legal posible, para atender as necesidades do Concello desta clase de persoal, polo que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución da alcaldía 265/2023, en materia de aprobación da convocatoria e bases para a selección de persoal, para o expediente de convocatoria de selección de persoal Tedec 2024/E001/000006, e se resolveu, mediante Resolución da Alcaldía 323/2024, do 08/11/2024, prestar aprobación ao proxecto de bases para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Auxiliar de axuda no fogar, que se trata de ratificar.

A resolución da Alcaldía núm. 323/2024, de 08 de novembro de 2024, que se somete á ratificación da Xunta de Goberno Local, transcríbese textualmente a continuación:

### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR SAF**

**EXPEDIENTE: 2024/G003/000333**

### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver as necesidades xurdidas no Servizo de Axuda no Fogar Municipal, no que parte do persoal laboral fixo que ocupa o posto de Auxiliar do SAF e que presta o servizo, se atopa en situación de IT e ante a imposibilidade de cubrir as citadas baixas co contrato de servizos vixente e, tendo en conta, que non existe unha Bolsa de emprego para este tipo de posto e que é urxente continuar coa prestación do servizo e cubrir as necesidades dos usuarios do mesmo coas garantías esixidas, este Concello ten a necesidade urxente de convocar un novo proceso de selección para a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Auxiliar de axuda no fogar para atender as necesidades actuais e futuras na prestación do servizo municipal de Axuda no Fogar, para a realización de substitucións, por circunstancias da produción (cobertura de vacantes, vacacións, acumulación de tarefas...) ou, de ser o caso, para a execución de programas temporais.

Logo de ver o PROXECTO DE BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, elaborado polo Departamento de Persoal, que ten por obxecto regular o sistema de selección e o funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal nesa categoría profesional,

Visto o documento contable RC que acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente para unha contratación, de ser o caso, ata o 31/12/2024 e o informe de secretaría-intervención en réxime de acumulación de data 08/11/2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en materia de aprobación da convocatoria e bases para a selección de persoal, por Resolución da alcaldía 265/2023, para o expediente de convocatoria de selección de persoal Tedec 2024/E001/000003

2.- Prestar aprobación ao citado proxecto de bases para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Auxiliar de axuda no fogar e o seu Anexo, que se reproducen integramente deseguido:

BASES PARA A FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

### Primeira.- Obxecto da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto regular o sistema de selección e o funcionamento dunha bolsa de emprego para a provisión temporal de persoal (modalidade laboral), mediante un procedemento áxil que respecte os principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade, celeridade e publicidade, na categoría profesional de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, para atender as necesidades que teña o Concello desta clase de persoal para a prestación do servizo municipal de Axuda no Fogar, tanto para a execución de programas temporais como para a realización de substitucións ou por circunstancias da produción (cobertura de vacantes, vacacións, acumulación de tarefas...) durante o período da súa vixencia.

No caso de programas financiados por outras administracións, para realizar a contratación, teranse previamente en conta as características e esixencias de selección específicas esixidas nas correspondentes convocatorias, procedendo a aplicación desta bolsa só no caso de que as respecte e tendo en conta que as funcións a realizar polo persoal a contratar sexan as propias do posto de Auxiliar de Axuda no Fogar.

Nas contratacións de persoal laboral, o tipo de contrato virá determinado polo indicado na lexislación laboral vixente, Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e normativa de desenvolvemento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Con respecto á duración dos contratos, respectarase o indicado no art. Primeiro.Tres.5. do Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral

## **Segunda.- Publicidade da convocatoria**

A Convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio extractado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e un anuncio das bases integras no taboleiro de anuncios electrónico municipal, situado na páxina web do concello: [www.concellodemonfero.com](http://www.concellodemonfero.com) e na sede electrónica municipal: [sede.monfero.es](http://sede.monfero.es)

## **Terceira.- Características da bolsa de emprego**

Co resultado do proceso selectivo confeccionarase unha bolsa de emprego cos aspirantes que o superaron, por orde de puntuación, procedéndose, no seu momento, á súa contratación ou nomeamento de forma correlativa e decrecente, en función das necesidades que xurdan.

En todo caso, o Concello poderá establecer un procedemento de selección diferente e específico cando se requira un perfil profesional concreto

A bolsa permanecerá en vigor durante un período mínimo de cinco anos desde que sexa aprobada, procedendo a súa renovación cando transcorra este período ou, non queden candidatos na mesma que poidan ser contratados. Unha vez renovada, perderá validez a que até ese momento estivese vixente, pero sen que iso afecte ao persoal contratado en virtude dela e durante a súa vixencia

## **Cuarta.- Funcións do posto.**

O cometido funcional do posto versará sobre a realización das funcións e tarefas que se indican no anexo de Persoal do vixente Orzamento do Concello, propias do servizo, ou nos programas que, no seu caso, rexan estas contratacións.

## **Quinta.- Requisitos dos/las aspirantes**

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Teren nacionalidade española ou seren nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Teren cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) A Titulación esixida será unha das seguintes:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecidos polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a en Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, se atopen traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.

- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

d) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións que correspondan ao posto a ocupar.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade

### **Sexta.- Retribucións**

As retribucións a percibir serán as establecidas para ese posto no Anexo de Persoal do Orzamento en vigor do Concello de Monfero

### **Sétima.- Dereitos de exame.**

De acordo coa vixente ordenanza fiscal municipal da taxa por dereitos de exame, publicada no BOP Nº 34 do 18-02-2022 (poderá consultarse tamén no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero, sede.monfero.es), e sen prexuízo dos beneficios que se establecen nela, os dereitos de exame fíxanse en 12,50 euros, que poderán satisfacerse mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida ao Concello de Monfero (Núm.de conta: Abanca CCC ES27 2080 3112 2931 1000 0027), debendo indicarse o Nome, Apelidos e Praza á que se opta) Nestes últimos supostos, os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria ou os servizos postais correrán por conta do solicitante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## Oitava.- Presentación de solicitudes e admisión de candidatos

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, co modelo oficial ou normalizado que figura como anexo I destas bases, dirixiranse á Alcaldía da Corporación e presentaranse durante o prazo de 5 días naturais, contados dende o seguinte hábil ao da publicación do anuncio extractado da convocatoria no BOP.

Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica (<https://sede.monfero.es> ou [www.concellodemonfero.com](http://www.concellodemonfero.com)) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude e comunicarse simultaneamente ao Concello: por fax ao número 981 793804 ou por correo electrónico á dirección [correo@monfero.es](mailto:correo@monfero.es). Esta comunicación simultánea será igualmente obrigatoria se se presentara nas oficinas doutras Administracións Públicas. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Non se admitirán as solicitudes que non se formulen no modelo oficial que figura como anexo I nin as que se reciban no Concello unha vez aprobada pola Alcaldía a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as definitiva, se for o caso, con independencia do procedemento utilizado para envialas.

Para ser admitido para tomar parte no proceso de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias, debidamente asinadas, que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base Quinta desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- a- Fotocopia do DNI ou Tarxeta de Residente.
- b- Fotocopia do carné de conducir esixido
- c- Xustificante da titulación esixida.
- d- Xustificante de abono da taxa de dereitos de exame. Terán que estar aboados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- e- No seu caso, fotocopia do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 2 (de acordo co indicado no artigo 6 do DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima de los socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo DECRETO 35/2017, de 30 de marzo) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido (Celga 2, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base 11 da presente convocatoria.

Presumirase que a documentación achegada polos solicitantes é auténtica, agás nos casos que constan nestas bases, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, acordarase por Resolución da Alcaldía a aprobación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, se for o caso, e publicarase coa maior brevidade no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Durante os dous días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros. As reclamacións ou alegacións presentadas serán resoltas pola Alcaldía, que aprobará no mesmo acto, de ser posible, a composición do órgano de selección e determinará o lugar, data e hora estimada para o inicio das probas de selección (en función do número de aspirantes), que será publicada coa maior brevidade no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero.

## **Novena.- Órgano de selección**

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres Vogais e un Secretario, con voz e sen voto, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto polo art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que será esixible a todos e cada un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. O Presidente do tribunal e os vogais deberán posuír titulación igual ou superior aos postos de traballo obxecto da convocatoria, cumprindo o disposto no artigo 60 do TREBEP. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o resto do persoal eventual non poderán formar parte deles. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación de ninguén.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte destes e de intervir cando concorran algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Tampouco poderán formar parte do tribunal os funcionarios que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Os membros do tribunal que estean incursos nalgunha desas causas deberán comunicalo inmediatamente á autoridade convocante, quen resolverá o procedente. Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases.

No que respecta á súa constitución e formación de vontade, rexerase pola Lei de procedemento administrativo, estando facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que puideran xurdir.

## **Décima.- Procedemento de selección**

O proceso selectivo para a constitución da Bolsa de Traballo desenvolverase mediante o procedemento de oposición libre. As persoas aspirantes acudirán ás probas previstas do DNI e serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento

### **Décimo primeira.- Oposición**

A oposición constará nos seguintes exercicios:

1.1.- Exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito 10 preguntas tipo test, con 3 respostas alternativas, propostas polo órgano de selección. O exercicio desenvolverase durante un tempo máximo de 30 minutos e valorarase cun máximo de 10 puntos, a razón de 1 punto por cada resposta acertada. As respostas en branco non penalizarán, e cada respostas fallada descontará 0,25 puntos.

Consistirá en contestar por escrito ás preguntas propostas polo órgano de selección referentes aos seguintes temas:

- O termo municipal de Monfero. Límites. Poboación. Situación das parroquias e localización dos lugares do Concello de Monfero.
- O SAF: Aspectos xerais. Equipo de atención Domiciliaria. Funcións, normas de actuación e perfil profesional do Auxiliar.
- Limpeza e coidado do fogar.
- Alimentación e nutrición
- Aseo, hixiene e coidados básicos
- Medidas de seguridade e hixiene para a protección do traballador
- Prevención de riscos no posto de traballo.

### 1.2.- Proba de coñecemento da lingua galega

Consistirá na tradución oral directa e/ou inversa dun texto, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos.

O texto serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba

O presente exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, como mínimo, o título CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas das que se trate, segundo a orde do 10 de febreiro pola que se modifica a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán a cualificación de apto.

### Décimo segunda.- Selección

O órgano de selección reunirse á hora determinada polo Sr. Alcalde de acordo co indicado na base oitava e despois de ser anunciado no taboleiro de anuncios do Concello, para o efecto de iniciar as probas de selección, procurando que dean comezo á hora anunciada pola Alcaldía de acordo co establecido na base oitava desta convocatoria e que se cualifiquen no mesmo día. Concederanse dous días hábiles para a presentación de reclamacións contra as preguntas ou contra as cualificacións. Transcorrido este prazo, o órgano de selección

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

volverá a reunirse para a resolución das reclamacións, se as houbera, e publicará as cualificacións obtidas polos candidatos considerados aptos no Taboleiro de Anuncios Electrónico Municipal.

Posteriormente, de ser necesario, realizarase a segunda proba, de coñecemento da lingua galega, e cualificarase, de ser posible, no mesmo día.

Unha vez realizada a selección proporase á Alcaldía a elaboración das listaxes dos candidatos que maior puntuación obtivesen. Poderase deixar deserta a convocatoria se se considera procedente. No caso de empate, o órgano de selección efectuará un sorteo público inmediatamente despois da cualificación da última proba que sexa necesario realizar, no mostrador das oficinas municipais. A orde definitiva dos aspirantes seleccionados virá determinada pola puntuación obtida ao final do proceso e resultado do sorteo, se fora o caso.

A continuación, o órgano de selección proporá á Alcaldía a aprobación da listaxe dos candidatos seguindo a orde de puntuación obtida.

A Bolsa de emprego será aprobada por resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal do Concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados. Contra a resolución aprobatoria, que agotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición ou recurso contencioso-administrativo segundo o que dispón a normativa vixente ou calquera outro que os interesados consideren oportuno.

Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía

### **Décimo terceira.- Chamamentos**

As incorporacións desde a Bolsa de emprego para prestar servizos realizaranse por orde decrecente, segundo puntuación alcanzada no proceso selectivo polos aspirantes, agás no suposto de que, o aspirante ao que lle corresponda, resultase afectado polas limitacións que se establecen na base 1ª, o que dará lugar á incorporación do seguinte, mentres permanezan ditas limitacións.

Os chamamentos realizaranse, preferentemente, pola AEDL do Concello de Monfero, a través do teléfono, fax ou correo electrónico declarados polos integrantes, preferentemente este último. Terá que constar no expediente, mediante dilixencia ou, no seu caso, coa confirmación do fax remitido ou correo electrónico.

Ditos chamamentos realizaranse segundo a orde sinalada no punto anterior, debendo o candidato presentar no Concello, no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao do chamamento, salvo que este estableza outro diferente, a documentación que se indica na base 14.

No suposto de rexeitar a proposta telefonicamente ou de non presentar a documentación no prazo sinalado, farase constar no expediente mediante dilixencia para o efecto, e chamarase ao seguinte candidato/a.

No caso de que os integrantes que foran obxecto de chamamento estivesen prestando servizos para a Corporación, poderán rexeitar oferta e se lle respectará a orde que tivesen na Bolsa.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar ao Concello calquera variación destes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos conseguíntes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación, renunciaren ao posto ou non presentasen a documentación en prazo, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán o seu lugar na Bolsa, pasando a ocupar o último posto da Bolsa por un período dun ano. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados motivadamente pola Alcaldía, entre os que non se incluírá o de estar traballando no momento do chamamento, agás que sexa para o Concello
- Se o aspirante ao que corresponda non puidera ser designado por algunha causa xustificada, motivadamente apreciada pola Alcaldía, conservará a súa orde na Bolsa. No caso contrario, será excluído dela.
- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa
- Os aspirantes contratados, logo de finalizar o período de servizos, volverán ao posto que ocupaban na Bolsa no momento de seren chamados.

### **Décimo cuarta.- Incorporación**

O aspirante chamado segundo a base anterior, presentará os documentos que se especifican seguidamente, acreditativos de que posúe as condicións e reúne, ou continúa a reunir, os requisitos esixidos na Convocatoria, salvo aqueles que presentara xunto coa solicitude en orixinal ou compulsados, no prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao do chamamento:

- Orixinal ou fotocopia compulsada do D.N.I.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da titulación esixida
- No seu caso, orixinal ou fotocopia compulsada do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 2, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social, se for o caso.
- Domiciliación de Nómina

O aspirante que, dentro do prazo indicado de 3 día hábiles, achegase a documentación esixida, será

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

designado, por resolución da Alcaldía, para o cargo para o que foi seleccionado. No prazo dos 3 días hábiles, seguintes á súa designación pola Alcaldía, deberá asinar o correspondente contrato laboral (baixo a modalidade que se requira ao efecto, tendo en conta a causa e os prazos previstos na lexislación laboral) e alta na Seguridade Social, e haberá de incorporarse ao seu posto na data indicada no contrato.

Quen dentro dos respectivos prazos indicados, salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, ou non comparecera para a sinatura ou non se incorporase, non poderá prestar os seus servizos, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incurrir por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

### **Décimo quinta.- Réxime xurídico**

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.  
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público

- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

- Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

### **Décimo sexta.- Impugnación**

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

### **Décimo sétima.- Cláusula de protección de datos**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Estas bases, así como cantos actos administrativos deriven da súa execución, están suxeitas ao protocolo municipal de protección de datos de carácter persoal nos procesos de selección de persoal e xestión de listas de contratación.

Esta convocatoria é un proceso voluntario e competitivo que esixe transparencia. Por iso é necesaria a publicación das identidades das persoas que participan, así como dos resultados obtidos. O Concello procurará que a exposición dos datos de identificación de persoas e os seus resultados no proceso selectivo cumpra co establecido pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e ao Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais .

De igual maneira, é un proceso administrativo ao que teñen dereito de acceso as persoas que nel toman parte. Do desenvolvemento deste dereito entenderase que a documentación persoal nel achegada (exames, certificacións, méritos...) pode ser accesible para outras persoas aspirantes conforme indiquen os procedementos municipais establecidos para o efecto.

Coa presentación da solicitude, o Concello de Monfero poderá realizar as consultas e comprobacións necesarias para a xestión do proceso nos rexistros oficiais de titulacións universitarias, titulacións non universitarias, servizos prestados no Concello de Monfero e cantas fagan referencia a requisitos e méritos. Tamén poderá realizar as comprobacións necesarias coas entidades que corresponda en relación coa experiencia profesional acreditada.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Monfero, cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os datos persoais recollidos serán tratados para poder tramitar as solicitudes e resolver as convocatorias. Finalidade baseada no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Monfero, os datos de carácter persoal poderán ser comunicados, de ser o caso, ao Rexistro Central de Persoal, Dirección Xeral da Función Pública, e publicados nos Boletíns Oficiais e na páxina web do Concello de Monfero. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñerse ao tratamento, no caso de que se dean os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, o Concello de Monfero, no enderezo : Rebordelo 1, San Fiz - MONFERO ( A CORUÑA) ou a través do rexistro electrónico do Concello de Monfero.

Datos de contacto del DPD: [dpd@monfero.es](mailto:dpd@monfero.es)

## ANEXO I

### **SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES PROVISIÓNS TEMPORAIS DE PERSOAL NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_  
teléf \_\_\_\_\_

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ono/fax \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a formación dunha Bolsa de emprego para a provisión do posto de traballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas.

A tal efecto declara responsablemente e fai constar:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos para participar esixidos na convocatoria.
- 2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 4º.- Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- 5º.- Que non está incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 6º.- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin está inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- 7º.- Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación:
  - Fotocopia do D.N.I.
  - Fotocopia do carné de conducir tipo B
  - Xustificante da titulación esixida.
  - Fotocopia do título acreditativo de estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 2 ou equivalente.
  - Xustificante documental de ter aboado os dereitos de exame.

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Monfero, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

## SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO

Informámoslle que os datos de carácter persoal que lle solicitamos na presente instancia serán tratados polo CONCELLO de MONFERO en calidade de Responsable do Tratamento cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas, por tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. O tratamento está baseado no art.6.1c) do RXPDP: O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados ao Rexistro de Persoal, Dirección Xeral da Función Pública, e publicados nos Boletíns Oficiais, de ser o caso, e a páxina web do Concello de Monfero. Sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos pola normativa aplicable en materia de protección de datos, vostede poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, oposición, limitación de tratamento, así como non ser obxecto de decisións automatizadas, dirixindo a súa petición á dirección postal : Calle REBORDELO,1- 15619 Monfero (Coruña, A) ou ben a través do correo electrónico [dpd@monfero.es](mailto:dpd@monfero.es)"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

3.- Efectuar a convocatoria mediante a publicación dun anuncio extractado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e un anuncio das bases íntegras no taboleiro de anuncios electrónico municipal, de conformidade co que nelas se establece.

4.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebre.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro

O Alcalde en funcións

A Secretaria acumulada

Alberto Cortizas Rejo

Ana Ramos Ramos"

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN E RATIFICAN** o seu contido.

### 8.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

**8.1** A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía en funcións con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Xunta de Goberno Local do día 13 de novembro de 2024

#### XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado orzamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
CONSELLO DE ANCIÁNS DE XESTOSO	LARP	Viaxes culturais	500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE dos presentes**, acorda aprobar a proposta.

**8.2** A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía en funcións con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

### "PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Xunta de Goberno Local do día 15 de novembro de 2024

### XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado orzamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
----------	-------------	---------	----------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CONSELLO DE ANCIÁNS DE XESTOSO	LARP	Uned Senior	2.000,00 €
-----------------------------------	------	-------------	------------

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno Local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE dos presentes**, acorda aprobar a proposta.

## 9. CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

A Sra. Secretaria-Interventora da conta da solicitude da persoa interesada, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización previa limitada de conformidade da Intervención, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e que se transcribe textualmente a continuación e do resto da documentación que consta nel:

### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**Nº** \_\_\_\_\_ **EXPEDIENTE:** **2024/S009/000004**

**OBXECTO:** Concesión axuda emerxencia social C.C., M

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, D.<sup>a</sup> Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización previa limitada favorable da Intervención, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que a persoa solicitante achega todos os documentos necesarios e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.1.a da OAESM) para cubrir gastos de necesidades básicas de subsistencia (produtos de alimentación), á persoa que responde ás iniciais C.C., M. que se identifica no expediente electrónico do programa TEdC indicado anteriormente, por importe máximo de 150 euros. O aboamento da axuda será efectuado polo Concello directamente ao provedor e se realizará a entrega á persoa beneficiaria no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Concello

2. Imputar o gasto correspondente a aplicación do orzamento en vigor 231.48100
3. Notificar este acordo á persoa interesada.
4. Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra ou compras ata fin de ano a persoa solicitante da axuda e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE dos presentes**, acorda aprobar a proposta.

### **10. DENEGACIÓN CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA**

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación do expediente, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA**

#### **DENEGACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA**

Logo de ver a solicitude de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais P.B., O. con DNI núm. \*\*\*4266\*\*, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 12 de novembro de 2024, núm. 202400000000998, o informe desfavorable da traballadora social do día 13 de novembro de 2024, e considerando que non se cumpre o requisito establecido do artigo 9.e) da Ordenanza Reguladora de expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida do Concello de Monfero.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Denegar a expedición dunha Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais P.B., O.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

2. Notificar este acordo á persoa interesada.
3. Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE dos presentes**, acorda aprobar a proposta.

### 11. RECOÑECEMENTO DE TRIENIO

A Sra. Secretaria-Interventora da conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Negociado de Emprego da AEDL do Concello, do informe de fiscalización da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación do expediente electrónico, consta asinada dixitalmente nel:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Sesión XGL do día 15 de novembro de 2024

#### RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS

Logo de ver a solicitude que consta no expediente da/o empregada/o pública/o que responde ás iniciais B.B.A., rexistrada de entrada neste Concello o día 11 de novembro de 2024, co número 202499900000509, e os informes, antecedentes e o resto da documentación complementaria que consta no expediente 2024/E005/000019.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecerlle o seu dereito ao décimo cuarto trienio como funcionario deste Concello, grupo A2, con efectos desde o día 28 de setembro de 2024.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE dos presentes**, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezaioito horas e cincuenta e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos